



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Dia: Segunda-feira, 25 de fevereiro de 2019

O Concello presenta a programación do ciclo TRCDanza para este ano, que comezará o vindeiro 1 de marzo e afondará na relación entre xénero e corpos



O concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, presentou esta mañá a nova edición do ciclo **TRCDanza**, o programa municipal estable que afonda na visibilización e posta en valor das artes do movemento. Nesta ocasión, serán 14 os espectáculos que se representen no Teatro Rosalía Castro, entre os que haberá propostas de gran e pequeno formato, iniciativas experimentais, así como figuras consolidadas ou novas



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Č

Dia: Segunda-feira, 25 de fevereiro de 2019

e novos creadores, ademais dunha grande presenza de espectáculos realizados en Galicia.

O ciclo comezará o vindeiro venres, 1 de marzo e estenderase até o sábado 21 de decembro. Tal e como apuntou o director do Teatro Rosalía Castro, Xosé Paulo Rodríguez, esta edición afondará, en moitos espectáculos, na reflexión sobre xénero e os corpos. A primeira das pezas será *Alma (non é hippie)*, unha estrea producida polo colectivo Verticalia co apoio de Pistacatros, que se basea na construcción circense e danza vertical. O seguinte espectáculo chegará o sábado, 16 de marzo, da man de Paula Quintas. en *Plastic* a artista aborda a idea do elemento plástico, como obxecto envolvente, así como dos corpos de plástico, "como dunha Barbie, e da liberación dese envoltorio que pode ter a muller ", explicou Rodríguez. Contra final de mes, o día 31, terá lugar a segunda incursión do Harmatan Festival Nómada de Cultura Africana na programación municipal. Ao igual que no ciclo Principal de teatro, nesta ocasión, ofrecerase *PerformerS*, un espectáculo da compañía de danza contemporánea Auguste-Bienvenue de Burkina Faso.

Xa no mes de abril, o día 27, nunha data próxima á efeméride do Día da Danza (29 de abril), o TRC programa *A Gala*, un proxecto de Licenciada Sotelo sobre a figura de Maruja Mallo. Trátase dunha peza viva que vira ao redor do traballo de tres intérpretes, como son a propia Nuria Sotelo, Cristina Vilariño e Rebeca Carrera. Dúas semanas despois, o sábado 11 de maio, chegará a proposta experimental *Mercedes más eu*, un proxecto de colaboración "entre dúas grandes artistas", segundo apuntou o director do Teatro Rosalía, como son a artista Janet Novás e a compositora Mercedes Peón, e no que ambas exploran as relacións particulares entre a música e a danza. Finalmente, o xoves 16 de maio, a compañía de Fran Sieira presenta unha relectura da música tradicional, como é *Entresoños*, unha obra de baile tradicional galego no marco da danza contemporánea, e que conta coa música orixinal de Anxo Pintos.

Despois do período estival, o 14 de setembro presentarase o resultado do traballo que desenvolveron tres compañías ao longo das Residencias Paraíso 2018, no marco denominado *Oasis Paraíso*, "no que se abriu o Teatro como espazo para a investigación e a creación", explicou Rodríguez. "Agora abrimos unha nova xanela para que se vexa que aconteceu con estos tres proxectos", sinalou o director, como son *Illas desertas*, da compañía ArtesaCia --conformada pola actriz Laura Villaverde e o artista visual Roi Fernández--, *Sobre o concepto do tempo*, de marco Antonio Regueiro, e *Metodoloxías carroñeras para corpos invertidos*, de Gena Baamonde.

O sábado 5 de outubro terá lugar a presentación de *Happy Island*, unha coprodución de



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Č

Dia: Segunda-feira, 25 de fevereiro de 2019

gran formato "que nace da colaboración entre dous polos moi importantes da danza contemporánea", explicitou Rodríguez, como son a artista La Ribot e a compañía de danza inclusiva do Funchal Dancando com a diferença. A proposta, que integra no seu elenco a persoas con diversidade funcional, chega á Coruña logo de visitar numerosos teatros de toda Europa.

Despois da visita de La Ribot, outro gran nome da danza contemporánea pasará polo Teatro Rosalía Castro. Será Sol Picó, Premio Nacional de Danza 2016, que presentará o venres 25 de outubro *Dancing with frogs*, un espectáculo de gran formato centrado na investigación sobre o xénero e que analiza o mundo da masculinidade. Á semana seguinte, o xoves 31 de outubro, a compañía galega Matarile Teatro dará a coñecer a súa peza *Los limones, la nieve y todo lo demás*, un traballo creado e interpretado por Mónica García e Ana Vallés que presenta múltiples referencias de pensamento e filosofía vinculadas á Roberto Bolaño, Friederich Nietzsche ou María Muñoz, entre outras.

A danza neoclásica tamén terá o seu espazo na nova edición de TRCDanza, e chegará da man de Titoyaya Dansa o venres 15 de novembro con *Carmen.maquia*, unha versión contemporánea do clásico de Merimée que mantén íntegro o seu argumento e que "é unha peza de referencia no repertorio internacional, presente en moitas salas americanas e europeas", segundo apuntou o director do Rosalía. Pechará a programación deste mes Likes, unha peza de danza contemporánea ideada por Núria Guiu Sagarra na que reflexiona sobre o uso do corpo e o xénero, tanto no caso de homes coma de mulleres, a través das redes sociais. Xa no mes de decembro, o xoves 5, Jaiotz Osa e Xabier Mujika presentarán *Suddenly III*, unha obra visual que reflexiona tamén sobre o xénero e o rol dos homes. Por último, o sábado 21, a compañía afincada en Madrid Kor'sia presentará *The Lamb*.

Programación Expandida

Como é habitual, o ciclo TRCDanza complementarase do Proxecto da Programación Expandida, unha iniciativa de mediación cultural que procura poñer en valor e achegar as artes da danza e do movemento á cidadanía a través da creación de espazos de relación entre as e os artistas participantes no ciclo e a veciñanza. "Estamos a falar dun proxecto moito recoñecemento en todo o Estado, e que foi presentado en múltiples foros como exemplo de boas prácticas de cara a creación de novos públicos". salientou Paulo Rodríguez.

A coordinadora da Programación Expandida, Caterina Varela, tamén participou na



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

Č

Dia: Segunda-feira, 25 de fevereiro de 2019

presentación desta mañá, e deu a coñecer algunas das iniciativas que se levarán a cabo nos vindeiros meses no marco desta iniciativa, que cumpre seis anos. Así, hoxe ábrese a inscrición para a segunda edición do Taller de Públicos, impartido por ela mesma e Sabela Mendoza, unha iniciativa posta en marcha o pasado ano co obxectivo de achegar, a través de contidos teóricos e prácticos, o mundo da danza e da creación contemporánea á veciñanza a través do seguimento continuado das propias pezas que forman parte do programa de TRCDanza. Este obradoiro é gratuito, pero conta cun límite de prazas, polo que para poder participar será necesario realizar a inscrición previa a través do web do Proxecto de Programación Expandida, www.pe-trcdanza.gal.

Ademais deste Taller de Públicos, Varela avanzou que a primeira das accións expandidas deste ano terá lugar o mércores 13 de marzo, de 17.00 a 19.00 horas, co alumnado da Escola de Artes e Superior de Deseño Pablo Picasso. Nesta intervención participará Paula Quintas, creadora do espectáculo *Plastic* que presentará, á tarde seguinte, no Teatro Rosalía Castro.

Entradas

Por segundo ano consecutivo, o **ciclo TRCDanza** ofrecerá a posibilidade de contar con bono que ofrece descontos progresivos. Logo de comprar catro entradas de catro espectáculos diferentes, recibirase unha entrada gratuita para a quinta función. Co mesmo abono, ao mercar outras catro entradas de outros catro espectáculos, ofrecerase un novo billete gratuito para unha nova representación. Finalmente, todas aquelas persoas que asistan aos 13 primeiros programas, poderán asistir á última sesión --*The Lamb*, 21 de decembro-- de xeito gratuito.

As entradas de **TRCDanza** xa están á venda desde hoxe a través das canles habituais, como son o despacho central de billetes da Praza de Ourense --de luns a venres, agás festivos, de 9.30 a 13.00 horas, e de 16.30 a 19.30 horas--, a plataforma web www.ticketea.com, o servizo de televenda 902.044.226 --de luns a venres de 9.00 a 22.00 horas, sábados de 14.00 a 22.00 horas, e domingos de 16.00 a 21.00 horas-- e no propio despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro nos días de función, entre as 16.00 e as 20.00 horas. Contan con tarifas desde os 8 até os 12 euros, agás para o colectivo con bonificación -- persoas posuidoras do Carné Xove, maiores de 65 anos ou desempregadas, que contarán cun 20% de desconto--. As familias numerosas contarán cun 25% de desconto e os grupos de máis de 20 persoas de compra anticipada contarán cunha bonificación do 50%.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Dia: Segunda-feira, 25 de fevereiro de 2019

FITEUC

Como é habitual, TRC Danza e o Teatro Rosalía Castro tamén colaboran con FITEUC Danza, o encontro de danza universitaria promovido pola Universidade da Coruña, no que se comparten as propostas artísticas de diferentes aulas de danzas. Nesta ocasión, o 25 de abril, actuarán sobre o escenario do equipamento municipal a Compañía de Danza USCompostela, DOUTRAS -- Universidade de Vigo, Campus de Ourense-- e DANZA NORMAL da UDC. O acceso será libre até completar a capacidade do recinto.

[Programación TRCDanza 2019 \(903 KB\)](#)

[Taller de público\(s\) da Programación Expandida do TRCDanza 2019 \(586 KB\)](#)